



CONCELLO DE CERDEDO

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36.130 CERDEDO (PONTEVEDRA)

Tel: 986.75.30.06

986.75.30.54

Fax: 986.75.32.01

E-mail:

concello@cerdedo.org

Web: cerdedo.org

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que o Concello é propietario dun ben moble vehículo CITROEN JUMPER CL33L2H2160, matrícula 6647 GRT, e que é conveniente para o Municipio o alleamento do ben referido.

Visto que por Resolución de Alcaldía de data dous de xuño de 2016 foi aprobado iniciar o expediente para o alleamento referenciado.

Visto que con data dous de xuño de 2016, foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Condicións que rexerá o contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que con data oito de xuño de 2016, foi publicado anuncio de licitación por prazo de dez días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e no Perfil de contratante do órgano de contratación, a fin de que os interesados presentasen as súas ofertas.

Visto que con data 22 de xuño foron abertas as ofertas que constan no expediente.

Por todo elo, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Adxudicar a D. Juan Carlos Campos Toimil, con DNI N°: 35318895 A (membro da Escudería Cerdedoenrali), o alleamento do ben moble vehículo CITROEN JUMPER CL33L2H2160, matrícula 6647 GRT, por poxa, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 2/06/2016 e publicada Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n° 109 de data 8/06/2016 e no Perfil de contratante, polo importe de nove mil euros (9.000 €).

SEGUNDO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e publicar a mesma no Perfil do Contratante.

TERCEIRO. Notificar a D. Juan Carlos Campos Toimil, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar en Cerdedo o día 23 de xuño ás 12 horas.

Así o dispón e asina o Sr. Alcalde D. SILVESTRE JOSÉ BALSEIROS GUINARTE, en Cerdedo a VINTE E DOUS de XUÑO de dous mil dezaseis.

O ALCALDE,



ANTE MIN, O SECRETARIO